

Crónica dunha viaxe seguindo a pegada da División Azul

UN FEIXE DE CARTAS E FOTOGRAFÍAS AGOCHADAS NUNHA CAIXA DE MARMELO DA PÉ A UNHA LARGA TRAVESÍA TRALOS PASOS DUN GALEGO ENROLADO HAI 70 ANOS NAS TROPAS QUE COMBATERON CON HITLER NA FRONTE RUSA. ESTA É A PRIMEIRA ENTREGA DO RELATO DA VIAXE

Por **Francisco X. Fernández Naval** + fotografías de **Maribel Longueira**

Na vida, ás veces, algo chama por nós desde un tempo esquecido, desde un lugar afastado. Podemos atender ou non ese sinal, pero cando dentro sentimos que o chamar nos conmove e que a súa forza se mantén constante, debemos responder e, se é posible, acudir.

Nunca pensamos dedicarlle atención á División Azul. Era un eco de infancia, alleo, tanto por pensamento como por emoción ou complicidade. Pero a aparición dunha caixa de marmelo coas fotografías e cartas que un parente de Ourense, Alfredo Rodríguez, lles escribía aos pais dende a «fronte do leste» provocou que, por primeira vez, a nosa atención se fixase nese momento crucial da historia. Para ben ou para mal, Alfredo estivo nun dos lugares nos que se decidiu o futuro, que é como dicir o que nós somos hoxe.

Decidimos seguir polos camiños de Europa o ronsel dos seus pasos e, con el, os da primeira quenda de voluntarios que saíron de España en 1941.

Setenta anos cúmprense en xuño da decisión adoptada polo Goberno de Franco de enviar unha división militar de voluntarios á fronte do leste para combater o comunismo, apoiando ao Exército alemán, que só unha semana antes lle declarara a guerra a Rusia. Operación Barbarroja foi o nome que se lle deu á invasión do 22 de xuño, un éxito da Wehrmacht nos primeiros días. Os redactores do *Nodo* informaban da elasticidade do Exército alemán, contraponéndoo ao ruso, pesado e pouco áxil.

O ENTUSIASMO DA FALANXE

Dous días despois, manifestacións de falanxistas en moitas cidades de España reclamaban combater con Alemaña. Pretendían agradecer a decisiva contribución da Lexión Cóndor na Guerra Civil, axudando ao exército de Hitler a derrotar o comunismo na súa casa. «Rusia é culpable», proclamou Serrano Súñer dende o balcón da sede de Falanxe na rúa de Alcalá de Madrid. Serrano era, amais de cuñado de Franco, ministro de Exteriores, e non ocultaba a súa simpatía polo réxime nacionalsocialista.

Así as cousas, o Goberno decide abrir un prazo para a inscrición de voluntarios do 26 de xuño ao 2 de xullo

de 1941. A intención era enviar unha división composta por algo máis de 18.000 homes. Tras forte debate, acórdase que os mandos serán militares profesionais, reservándose para os voluntarios a clase de tropa. En Galicia anótanse 48 oficiais, 123 suboficiais e 1.154 soldados, en total 1.325, aínda que o número de galegos que participan é maior (Roque Laso, que foi masaxista do Club Deportivo Ourense, anótase en Logroño).

Na campaña, inicialmente vivida por moitos como unha aventura, participarán 45.000 homes, pois durante os dous anos nos que permanece na fronte, a División recibirá sucesivos continxentes que suplen as baixas, tanto de mortos e feridos coma de prisioneiros, desaparecidos e desertores, que de todo houbo. A cifra aproximada de galegos é de 2.500, o que indica que despois da primeira inscrición o interese pola División en Galicia decreceu de xeito notable.

Os voluntarios garantían ás súas familias unha paga mensual do Exército alemán de 60 marcos (unhas 250 pesetas da época) e outra do Goberno español de 219 pesetas. Ao mesmo tempo, cada soldado percibía para os seus gastos 30 marcos como plus da fronte. Esta sería unha das razóns que levaron a moitos a se inscribir. Outra sería a posibilidade de lavar o pasado familiar ou persoal republicano. Tamén influiría o soño de se pasar ao bando ruso. E por suposto no primeiro continxente a razón principal sería ideolóxica: o 70% dos voluntarios militaban na Falanxe.

A viaxe ata Hendaia faise en tren, con saída de cada capitán. En Galicia, agás un continxente de Vigo desprazado a Valladolid, todos os divisionarios reúnen na Coruña, de onde sae a expedición número 14, ás 1.50 horas do 16 de xullo, baixo o mando do comandante Claudio Rivera. Seguindo

o relato do seu informe sabemos as incidencias da viaxe. Un sarxento e un corneta introducen nun vagón a unha prostituta, amparándoa no exercicio da súa profesión e beneficiándose dela. Coñecida a circunstancia pola superioridade, son entregados á autoridade militar en Venta de Baños. Xa en Hendaya, mentres agardaban na plataforma polo cambio de tren, unhas exiliadas españolas achegáronse aos soldados, recoméndandolles pasarse ao bando ruso ao chegaren á fronte. Un presenta denuncia e as mulleres son detidas e entregadas á autoridade militar alemá, en presenza do cónsul de España.

PEDRADAS EN FRANCIA

Cruzando Francia, cidadáns deste país e exiliados españois expresan a súa inimizade con lanzamento de pedras, puños en alto e berros contra a División. O Comandante Rivera recolle no seu informe: «Tanto los hechos de las mujeres de Hendaya, como las pedreas descritas y el saludo con el puño en alto y gesto airado al paso del tren donde hay afluencia de franceses, excitan a la tropa».

Todo será diferente en Alemaña: «Estoy muy bien, por todas partes que pasamos recibimos grandes aplausos y ovaciones y mucho tabaco», escribelles Alfredo Rodríguez aos pais. O comandante Rivera destaca que nas estacións os divisionarios marchan coa poboación alemá en franca camaradería, sendo obsequiados e agasallados.

Ao campamento de Grafenwörh, hoxe base da OTAN, o tren da Coruña chega o 21 de xullo. Alí, a División pensada segundo o modelo español adquire a estrutura da Wehrmacht, con tres rexementos en lugar de catro e 180 homes por compañía en lugar de 100. No campamento reciben instrución, material e o uniforme gris do Exército alemán. Son numerosas



Pintura mural con referencia a un casco do Exército alemán en Grafenwöhen



UNHA ESTAMPA QUE LEMBRA OUTROS TEMPOS. Edificio da estación de tren de Suwalki (leste de Polonia)

as anécdotas deses días, en particular as disputas cos oficiais xermanos nos bares da praza do pobo. Malia o novo uniforme, os españois seguen vestindo debaixo da guerreira a camisa azul da Falanxe, razón do nome, *Blau Division*, que lles puxeron os alemáns. O 31 de xullo, formada toda a División no campo de manobras e nunha cerimonia relixiosa os voluntarios xuran fidelidade ao Führer, actuando como testemuña o xeneral Von Cochenhausen, home de confianza de Hitler. É Muñoz Grandes, o xeneral español ao mando da División, quen pronuncia as palabras de xuramento coa espada núa: «¿Juráis por Dios y por vuestro honor de españoles absoluta obediencia al comandante superior del Ejército alemán, Adolf Hitler, en la lucha contra el comunismo, y combatir como valientes soldados, dispuestos en cualquier momento a sacrificar vuestras vidas en cumplimiento de este juramento?». Un «Sí, juramos» unánime e acompañado do saúdo falanxista foi a resposta.

Nos últimos días de agosto, 134 trens saen da estación do campamento con destino á fronte. Os voluntarios



cruzan Alemaña e Polonia, chegando a Suwalki, preto das fronteiras bielorrusa e lituana, onde inician a marcha a pé a través da actual Bielorrusia, para chegar á fronte o 12 de outubro. A marcha é titubeante, xa que Hitler ten dúbidas sobre o destino da División, e optou finalmente por prescindir da súa idea inicial de enviala á fronte de Moscú, incorporándoa entón ao cerco de Leningrado, onde cobren unha liña de 60 quilómetros na ribeira esquerda do río Volchov, ao norte do lago Ilmen, diante da cidade de Novgorod.

O RONSEL DE ALFREDO RODRÍGUEZ

Seguindo a pegada de Alfredo Rodríguez, iniciamos a viaxe, parando nos lugares máis significativos que figuran nas súas cartas ou que forman parte da historia da División. Estivemos na estación de Troyes, pasamos a Alemaña por Strasburgo, perdémonos na cidade de Karlsruhe. En Grafenwöhr paseamos as rúas e entramos no único bar dos que frecuentaban que segue aberto, cunha pintura mural na que aparece a sinatura «Kraemer 1941» á beira dun casco militar sobre o que canta un merlo. Pouca información

hai sobre a División no pequeno museo da localidade, que ten como icona principal a Elvis Presley, quen prestou servizo na base da OTAN.

Chaman a atención ás estacións polacas de Pila e Suwalki, ou Suaden, como lle dicían eles, empregando o nome alemán. Na primeira consérvase unha estrutura metálica que cobre as plataformas e seguramente xa estaría alí cando se apearon para descansar. En Suwalki sucede o mesmo co pequeno edificio avermellado, tamén permanecen algunhas das grandes árbores da alameda que hai diante, nas que unha bandada de corvos, que lembra a salvaxe compañía do poema de Pondal, escandaliza a mañá coas súas voces estridentes. Esas árbores e outros corvos coma estes verían chegar, nos últimos días de agosto de 1941, aos divisionarios, co seu equipo individual e armamento, vehículos, artillaría e os 5.600 cabalos serbios que lles entregara a Verhmacht. Dende aquí camifirán ata un campamento a seis quilómetros de Augustow, onde se reunirán todos para emprender, o 28 de agosto, unha longa marcha a pé.

O escritor Francisco Fernández

Naval e a fotógrafa Maribel Lorenzo están facendo a mesma viaxe que a primeira expedición da División Azul fixera hai setenta anos, na que participaron 2.500 galegos



ALEXIA LÓPEZ